

# DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DIREITOS HUMANOS

# PREÁMBULO

Considerando que o recoñecimento da dignidade inerente a todos os membros da familia humana e dos seus dereitos iguais e inalienables constitui o fundamento da liberdade, da xustiza e da paz no mundo;

Considerando que o descoñecimento e o desprezo dos dereitos das persoas conduciron a actos de barbarie que revoltan a consciencia da Humanidade e que o advento de un mundo en que os seres humanos sexan libres de falar e de crer, libertos do terror e da miseria, foi proclamado como a mais alta inspiracion da persoa;

Considerando que é esencial a proteccion dos dereitos das persoas através de un rexime de dereito, para que non sexan compeliadas, en supremo recurso, à revolta contra a tirania e a opresion;

Considerando que é esencial encoraxar o desenvolvemento de relacións amistosas entre as nacións;

Considerando que na Carta dos Povos as Nacións Unidas proclaman de novo a fé nos dereitos fundamentais, na dignidade e no valor da persoa humana, na igualdade de dereitos dos homes e das mulleres e declararan-se resolvidas a favorecer o progreso social e a instaurar

mellores condicións de vida dentro de unha liberdade mais ampla.

Considerando que os Estados membros se comprometeron a promover, en cooperación con a Organización da Nacións Unidas, o respecto universal e efectivo dos dereitos da persoa e das liberdades fundamentais;

Considerando que unha concepción comun destes dereitos e liberdades é da mais alta importancia para dar plena satisfacción a tal compromiso;

A Asemblea Xeral proclama a presente Declaración Universal dos Dereitos Humanos como ideal comun a atinxir por todos os povos e todas as nacións, a fin de que todos os individuos e todos os órganos da sociedade, tendo-a constantemente no espírito, se esforcen en desenvolver por meio do ensino e a educación o respecto deses dereitos e liberdades e en promover, con medidas progresivas de orde nacional e internacional, o seu recoñecimento e aplicación universais e efectivos tanto entre as populacións dos propios Estados membros como entre as dos territorios colocados sob súa xurisdición.

### **Artigo 1 °**

Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e en dereitos. Dotados de razón e de consciéncia, deven actuar uns para os outros en espírito de fraternidade.

### **Artigo 2 °**

Todos os seres humanos poden invocar os dereitos e as liberdades proclamados na presente Declaración, sen distinción algunha, nomeadamente, de raza, de cor, de sexo, de lingua, de relixión, de opinión política ou outra, de orixe nacional ou social, de fortuna, de nacemento ou de calquer outra situación.

Alén diso, non se fará ningunha distinción fundada no estatuto político, xurídico ou internacional do país ou territorio da xurisdición de que depende a persoa, tanto se se trata de un país independente como se está sob tutela ou suxeito a algunha limitación de soberanía.

### **Artigo 3 °**

Todas as persoas teñen dereito à vida, à liberdade e à seguranza persoal.

### **Artigo 4 °**

Ninguén será mantido en escravatura ou en servidume e o tráfico de escravos, sob todas as formas, está prohibido.

### **Artigo 5 °**

Ninguén será submetido a tortura ou a tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes.

### **Artigo 6 °**

Todas as persoas teñen dereito ao recoñecimento, en todos os lugares, da súa personalidade xurídica.

### **Artigo 7 °**

Todas as persoas son iguais perante a lei e, sen distinción, teñen dereito a igual protección contra calquer discriminación que viole a presente Declaración e contra calquer incitamento a tal discriminación.

### **Artigo 8 °**

Todas as persoas teñen dereito a recurso perante as xurisdicións nacionais competentes contra os actos que violen os dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución ou pola lei.

### **Artigo 9 °**

Ninguén pode ser arbitrariamente preso, detido ou desterrado.

### **Artigo 10 °**

Todas as persoas teñen dereito, en plena igualdade, a que a súa causa sexa equitativa e publicamente xulgada por um tribunal inde-

pendente e imparcial que decida dos seus dereitos e obrigacións ou das razóns de calquer acusación que se siga contra ela en materia penal.

#### **Artigo 11 °**

1. Todas as persoas acusadas de un acto delituoso presume-se inocente até que a súa culpabilidade fique legalmente provada no decurso de un proceso público en que se aseguren todas as garantías necesarias para a defensa.

2. Ninguén será condenado por accións ou omisións que, no momento da súa práctica, non constitúan acto delituoso fronte ao dereito interno ou internacional. Do mesmo modo, non será inflixida pena máis grave do que a que era aplicábel no momento en que o delito foi cometido.

#### **Artigo 12 °**

Ninguén sufrerá intromisións arbitrarias na súa vida privada, na súa familia, no seu domicilio ou na súa correspondencia, nen ataques à súa honra e reputación. Contra tais intromisións ou ataques todas as persoas teñen dereito à protección da lei.

#### **Artigo 13 °**

1. Todas as persoas teñen o dereito de circular libremente e es-coller a súa residencia no interior de un Estado.

2. Todas as persoas teñen o dereito de abandonar o país en que se encontra, incluíndo o seu, e o dereito de regresar ao seu país.

#### **Artigo 14 °**

1. Todas as persoas suxeitas a persecución teñen o dereito de procurar e de beneficiar de asilo noutros países.

2. Este dereito non pode, porén, ser invocado no caso de proceso realmente existente por crime de dereito común ou por actividades contrarias aos fins e aos principios das Nacións Unidas.

#### **Artigo 15 °**

1. Todas as persoas teñen dereito a ter unha nacionalidade.

2. Ninguén pode ser arbitrariamente privado da súa nacionalidade nen do dereito de mudar de nacionalidade.

#### **Artigo 16 °**

1. A partir da idade núbil, o home e a muller teñen o dereito de casar e de constituir familia, sen restrición alguna de raza, nacionalidade ou relixión. Durante o casamento e na altura da súa disolución, ambos teñen dereitos iguais.

2. O casamento non pode ser celebrado sen o libre e pleno consentimento dos futuros esposos.

3. A familia é o elemento natural e fundamental da sociedade e ten dereito à protección desta e do Estado.

#### **Artigo 17 °**

1. Todas as persoas, individual ou colectivamente, teñen dereito à propiedade.

2. Ninguén pode ser arbitrariamente privado da súa propiedade.

### **Artigo 18 °**

Todas as persoas teñen dereito à liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión; este dereito implica a liberdade de mudar de relixión ou de convicción, así como a liberdade de a manifestar tanto en público como en privado, no ensino, na práctica, no culto e nos ritos.

### **Artigo 19 °**

Todas as persoas teñen dereito à liberdade de opinión e de expresión, o que implica o dereito de non ser inquietadas polas súas opinións e o de procurar, recibir e difundir, sen consideración de fronteiras, informacións e ideas por calquer meio de expresión.

### **Artigo 20 °**

1. Todas as persoas teñen dereito à liberdade de reunión e de asociación pacíficas.
2. Ninguén pode ser obrigado a formar parte de unha asociación.

### **Artigo 21 °**

1. Todas as persoas teñen o dereito de tomar parte na dirección dos asuntos públicos do seu país, quer directamente, quer por intermedio de representantes libremente escollidos.
2. Todas as persoas teñen o dereito de acceso, en condicións de igualdade, às funcións públicas do seu país.

3. A vontade do pobo é o fundamento da autoridade dos poderes públicos e debe expresar-se através de eleccións, limpas e periódicas, por sufraxio universal e igual, con voto secreto ou segundo proceso equivalente que salvaguarde a liberdade de voto.

### **Artigo 22 °**

Todas as persoas, como membros da sociedade, teñen dereito à seguranza social e poden lexitimamente esixir a satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais indispensábeis, grazas ao esforzo nacional e a cooperación internacional, de harmonia con a organización e os recursos de cada país.

### **Artigo 23 °**

1. Todas as persoas teñen dereito ao traballo, à libre escolla do traballo, a condicións equitativas e satisfatórias de traballo e à protección contra o desemprego.
2. Todas as persoas teñen dereito, sen discriminación algunha, a salario igual por traballo igual.
3. Quen traballa ten dereito a unha remuneración equitativa e satisfatória, que lle permita, e à súa familia, unha existencia conforme con a dignidade humana, completada, se necesario, por outros meios de protección social.
4. Todas as persoas teñen o dereito de fundar sindicatos con outras persoas e de se filiar em sindicatos para a defensa dos seus intereses.

### **Artigo 24 °**

Todas as persoas teñen dereito ao repouso e ao lacer e, especialmente, a unha limitación razoábel da duración do traballo e a féri-  
as periódicas pagas.

### **Artigo 25 °**

1. Todas as persoas teñen dereito a un nivel de vida suficiente para lle asegurar, e à sua família, a saúde e o ben-  
estar, principalmente a alimentación, o vestuário, o aloxamento, a asistencia médica e aínda os servizos sociais necesarios, e teñen dereito à seguranza no desemprego, na doenza, na invalidez, na viuvez, na vellez ou noutros casos de perda de medios de subsistencia por circunstancias inde-  
pendentes da sua vontade.

2. A maternidade e a infancia teñen dereito a axuda e asisten-  
cia especiais. Todas as criaturas nascidas dentro ou fora do ma-  
trimónio, gozan da mesma protección social.

### **Artigo 26 °**

1. Todas as persoas teñen dereito à educación. A educación deve ser gratuita, polo menos a correspondente ao ensino elemen-  
tar fundamental. O ensino elemental é obrigatório. O ensino técnico e profesional deve ser xeneralizado; o acceso aos estudos superiores deve estar aberto a todos en plena igualdade, en fun-  
ción do seu mérito.

2. A educación deve ter como obxectivo a plena expansión da  
personalidade humana e o reforzo dos dereitos das persoas e das  
liberdades fundamentais e deve favorecer a comprensión, a to-  
lerancia e a amizade entre todas as nacións e todos os grupos ra-  
ciais ou relixiosos, ben como o desenvolvemento das actividades  
das Nacións Unidas para o mantimento da paz.

3. Aos proxenitores pertence a prioridade do dereito de esco-  
ller o xénero de educación a dar aos fillos.

### **Artigo 27 °**

1. Todas as persoas teñen dereito de tomar parte libremente na  
vida cultural da comunidade, de desfrutar das artes e de parti-  
cipar no progreso científico e nos beneficios que deste resultan.

2. Todas as persoas teñen dereito à protección dos intereses  
morais e materiais ligados a calquer produción científica, lite-  
raria ou artística da sua autoria.

### **Artigo 28 °**

Todas as persoas teñen dereito a que reine, no plano social  
e no plano internacional, unha orden capaz de tornar plena-  
mente efectivos os dereitos e as liberdades enunciados na pre-  
sente Declaración.

### **Artigo 29 °**

1. As persoas teñen deberes para con a comunidade, fora da cal non

é posíbel o libre e pleno desenvolvemento da súa personalidade.

2. No exercicio destes dereitos e no gozo destas liberdades ningún está suxeito máis que ás limitacións establecidas pola lei con vista exclusivamente a promover o recoñecemento e o respecto dos dereitos e liberdades dos outros e a fin de satisfacer as xustas esixencias da moral, da orde pública e do benestar nunha sociedade democrática.

3. En ningún caso estes dereitos e liberdades poderán ser

exercidos contrariamente aos fins e aos principios das Nacións Unidas.

### **Artigo 30 °**

Nengunha disposición da presente Declaración pode ser interpretada de maneira a outorgar a calquer Estado, agrupamento ou individuo o dereito de se entregar a algunha actividade ou de practicar algun acto destinado a destruír os dereitos e liberdades aquí enunciados.



